Concello
de Pontevedra
Servizo de Persoal

rúa de Michelena, núm. 30, 1º

986 804 307
sede.pontevedra.gal

Expediente:2022/TRIBUNAL/000019

RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR E ASESOR A PROPOSTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN DE DÚAS PRAZAS DE TRABALLADOR/A SOCIAL GRUPO A SUBGRUPO A2 DA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL INCLUÍDAS NA AMPLIACIÓN DA OEP DO ANO 2021 POLA QUENDA LIBRE

Con data 14.06.2022 o Tribunal cualificador do proceso selectivo convocado para a provisión de dúas prazas de traballador/a social da escala da administración especial grupo A, subgrupo A2, incluídas na ampliación da oferta de emprego público do ano 2021, pola quenda libre, na sua sesión constitutiva e de conformidade co establecido na base 8ª das bases da convocatoria, emitiu unha proposta de nomeamento de persoal auxiliar e asesor que consta na acta de constitución do tribunal cualificador incorporada ao expediente e que resulta do teor literal seguinte:

(...)

PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR PARA A REALIZACIÓN DAS DISTINTAS PROBAS DO PROCESO SELECTIVO, E DE PERSOAL ASESOR PARA A CORRECCIÓN INFORMÁTICA DOS EXERCICIOS DA FASE DE OPOSICIÓN QUE CONSISTAN NUNHA PROBA TIPO TEST, PARA O TERCEIRO EXERCICIO, COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO E PARA O QUINTO EXERCICIO.

O Tribunal acorda propoñer, por medio do seu presidente á Concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura que se incorpore, consonte ao disposto na base 8ª das bases reguladoras da convocatoria, persoal auxiliar para colaborar nas tarefas de preparación e desenvolvemento dos exames e/ou para aquelas outras tarefas que o Tribunal puidera considerar necesario durante o desenvolvemento das distintas probas do proceso selectivo, así como persoal asesor pola especialidade técnica da corrección informática das probas tipo test, especialidade da corrección do terceiro exercicio sobre o coñecemento do idioma galego e a especialidade técnica de realización e desenvolvemento do quinto exercicio, limitándose estes a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas:

.- Proponse, en calidade de membro auxiliar, a dona Vanesa Prado Miguélez, auxiliar administrativa do Servizo de Benestar Social para todos os exercicios do proceso selectivo.

.-Proponse, en calidade de membro auxiliar, a dona Maria del Carmen Quintáns Graña, administrativa xefa de negociado do Servizo de Xestión Tributaria, para a realización do primeiro e do segundo exercicio.

.-Proponse, en calidade de membro auxiliar, a don Marcos Freire Romero, subalterno da Unidade Operativa de Conserxería, para a realización do primeiro e do segundo exercicio.

.- Proponse, en calidade de asesor para a corrección informática dos exercicios que consistan nunha proba tipo test a don Jaime Barba García Borregón, informático do servizo de Informática do Concello de Pontevedra e, como suplente, don Serafín González Davila, informático do servizo de Informática do Concello de Pontevedra.

- Proponse, en calidade de asesora do terceiro exercicio sobre coñecemento do idioma galego, a dona Concepción Cochón Rodríguez, Asesora Lingüística do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra.

.-- Proponse, en calidade de asesor do quinto exercicio consistente nunha proba de coñecemento práctico a nivel usuario do contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:W0NEY3BXYKJK75IR

elementais de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.) a don Jesús Lorenzo Ron, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas, Unidade de Día e Prevención.

En consecuencia, ao abeiro da base 8ª das bases reguladoras da convocatoria e de conformidade coa proposta do tribunal cualificador arriba reproducida, esta concelleira delegada do Servizo de Persoal e Cultura no exercicio das súas atribucións delegadas pola Alcaldía mediante Decreto da alcaldía de data 15/06/2019,

RESOLVE

Primeiro.- Designar, en calidade de membro auxiliar, a dona Vanesa Prado Miguélez, auxiliar administrativa do Servizo de Benestar Social para todos os exercicios do proceso selectivo.

Segundo.- Designar, en calidade de membro auxiliar, a dona Maria del Carmen Quintáns Graña, administrativa xefa de negociado do Servizo de Xestión Tributaria, para a realización do primeiro e do segundo exercicio.

Terceiro.- Designar, en calidade de membro auxiliar, a don Marcos Freire Romero, subalterno da Unidade Operativa de Conserxería, para a realización do primeiro e do segundo exercicio.

Cuarto.- Designar, en calidade de asesor para a corrección informática dos exercicios que consistan nunha proba tipo test a don Jaime Barba García Borregón, informático do servizo de Informática do Concello de Pontevedra e, como suplente, don Serafín González Davila, informático do servizo de Informática do Concello de Pontevedra.

Quinto.- Designar, en calidade de asesora do terceiro exercicio sobre coñecemento do idioma galego, a dona Concepción Cochón Rodríguez, Asesora Lingüística do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra.

Sexto.- Designar, en calidade de asesor do quinto exercicio consistente nunha proba de coñecemento práctico a nivel usuario do contorno operativo Windows, manexo de ferramentas de ofimática (Libre Office) e de utilidades elementais de internet en dito contorno (navegación, correo electrónico, etc.) a don Jesús Lorenzo Ron, monitor de cursos de informática adscrito ao Plan Municipal de Condutas Aditivas, Unidade de Día e Prevención.

Sétimo.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o ordena e dispón a concelleiro de goberno responsable da Área de Persoal, Réxime Interior e Patrimonio, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica,do que eu, Secretario da administración municipal, dou fe.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO
Servizo: SECRETARIA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL
Cargo: SECRETARIO
Data: 14/06/2022

Asinado por: MARÍA DO CARME FOUCES DÍAZ
Servizo: PRESIDENCIA
Cargo: CONCELLEIRA
Data: 14/06/2022
RESOLUCION: 2022004728

Este documento foi asinado electronicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en:
https://sede.pontevedra.gal introducindo o seguinte código seguro de verificación:W0NEY3BXYKJK75IR